



25 NOV 2016

MEMORIA ECONÓMICA E XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA E O ARZOBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DAS ACTUACIÓN DE REMATE DA TORRE DA FACHADA DA IGREXA DE NOSA SEÑORA DO CARMEN EN MOAÑA

A Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

O 17 de abril de 1985, a Xunta de Galicia e as dioceses da Comunidade Autónoma de Galicia asinaron un convenio de colaboración para garantir a conservación e promover o enriquecemento do patrimonio histórico, artístico e documental da Igrexa en Galicia, dada a singular importancia cultural que representa o patrimonio histórico, artístico e monumental da igrexa en Galicia.

A igrexa parroquial de Nosa Señora do Carme, en Moaña, é un elemento arquitectónico protexido (PXOM de Moaña do 13.7.2011) que actualmente ten pendente de remate o último corpo dunha das torres-campanario da fachada.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Arzobispado de Santiago de Compostela pretenden asinar un convenio de colaboración para realizar as actuacións de remate da torre da fachada da igrexa de Nosa Señora do Carme, en Moaña.

O obxecto do convenio é construír o último corpo da torre-campanario, composto de catro pilastras, dúas das cales remata nun arco peraltado e as outras dúas continúan ata o entaboamento de 4,38 m. A continuación unha cornisa de 3,23x3,23x0,66m. Máis arriba unha bóveda de 6 gaios sobre un prisma cilíndrico de 6 caras de 0,80 m de altura. Bóveda de 6 gaios apoiada en cilíndrico e rematada con pináculo con unha altura total de 3,68m. Todo en granito silvestre e unha estrutura de formigón armado dará rixidez a estes elementos. O orzamento de execución ascende á cantidade de 61.437,32 €, máis IVE.

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural cofinanciará as obras mediante unha achega de vinte mil euros (20.000,00 €) IVE incluído, con cargo á aplicación orzamentaria 10.21.433A.781.1. A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza contribuirá ao financiamento do proxecto cun importe de trinta mil euros (30.000,00 €), IVE incluído, con cargo á aplicación orzamentaria 05.21.121A.760.0, e farase efectiva mediante unha achega por ese importe á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Así pois, A Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, cofinanciará o importe do proxecto das obras cunha axuda máxima de cincuenta mil euros (50.000,00 €), IVE incluído, coa seguinte distribución por anualidades:

Anualidade 2016: 30.000,00 €

Anualidade 2017: 20.000,00 €

O importe restante, ata completar o coste total das actuación, será asumido polo titular do ben promotor das obras.



De acordo co artigo 26 da Lei de subvencións de Galicia, para o outorgamento desta subvención non é posible promover a concorrência pública, xa que as intervencións neste inmovible protexido son necesarias para mellorar o seu estado actual e contribuír deste modo ao enriquecemento do patrimonio cultural galego e a súa transmisión a xeracións vindeiras. Así mesmo, as intervencións obxecto do presente convenio están incluídas no *Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia* da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo operativo *Conservar o patrimonio cultural galego*, que inclúe a medida de conservación dos mosteiros, conventos, abadías, igrexas e patrimonio eclesiástico galego.

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2016

A directora xeral do Patrimonio Cultural



M^a Carmen Martínez Ínsua